


## ACORDO DA COAP DO 24 DE NOVEMBRO DE 2016 SOBRE O SORTEO DA ORDE DOS VOGAIS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PROPOSTA POLO DEPARTAMENTO X13 (ÁREA 140), DOS CONCURSOS DE ACCESO DE PRAZAS DE PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE E DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR, ANO 2016

Na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) do 18 de novembro de 2016, tivo lugar o sorteo da orde dos vogais das comisións de seleccións dos concursos de acceso de prazas de profesorado titular de universidade e de profesorado contratado doutor para o ano 2016 propostas polos departamentos correspondentes, acordándose que quedarían excluídas deste sorteo, aquelas que non cumpriran coa normativa vixente.

A proposta do departamento X13 para a área 140, quedou excluída ao non cumprir un dos membros propostos coa normativa vixente, polo que a COAP, na súa sesión extraordinaria do 24 de novembro de 2016, mediante sorteo público, **ACORDA** que:

Os vogais titulares e suplentes, da proposta da comisión de selección enviada polo departamento X13 para a área 140, terá a seguinte orde:

- Vogal titular 1, o que figura na proposta como vogal 6
- Vogal titular 2, o que figura na proposta como vogal 5
- Vogal titular 3, o que figura na proposta como vogal 1
- Vogal suplente 1, o que figura na proposta como vogal 4
- Vogal suplente 2, o que figura na proposta como vogal 3
- Vogal suplente 3, o que figura na proposta como vogal 2



Vigo, 24 de novembro de 2016  
A presidenta da COAP



Ana M. Graña Rodríguez